

Bases e convocatoria de participación na «Reconquistiña» 2026

1.- **Convocatoria.** Anúnciase a convocatoria para todos os centros educativos de ensino público e concertado do Concello de Vigo da inscrición para a participación no Desfile da 10ª «Reconquistiña», que terá lugar o **luns 23 de marzo de 2026**. As escolas que desexen participar deberán remitir cuberta a ficha de inscrición que se achega coas bases ao enderezo **reconquistinha@gmail.com** a partir da publicación da convocatoria na web do concello **www.vigo.org** ata as 12 da noite do día 30 de xaneiro de 2026.

2.- **Idade.** A actividade está dirixida ao alumnado de 4.º curso de ensino primario, aínda que se poderán ter en conta as particularidades concretas de cada escola.

3.- **Participación.** Establécese un número máximo de 2000 participantes. As primeiras prazas serán reservadas para os colexios que participaron en anteriores edicións e se inscriban na presente. O número total de participantes completárase co resto de centros escolares que manifesten o seu desexo de participar. No caso de que o número total de alumnas e alumnos dos colexios que queiran participar exceda das 2000 prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase por hora e data de rexistro.

4.- **Vestuario.** Co fin de incorporar o desfile unha agrupación do “Exército Napoleónico”, a organización poderá prestar (dentro da dispoñibilidade) o vestiario para o conxunto total da escola (incluídas as acompañantes). Ó mesmo tempo a AVC Casco Vello prestará un número de traxes de soldado francés para as nenas e nenos de cada unha das escolas participantes, se así o solicitan. O resto irán vestidas con traxes semellantes aos da época á que nos remitimos (época napoleónica) que estarán compostos por elementos sinxelos que haxa nas casas sen que cumpra facer un gasto extraordinario. Con todo, deberemos coidar a indumentaria para xerar unha mellor posta en escena.

5.-**Estandarte.** Todas as escolas participantes virán provistas dun estandarte que, cada unha delas, elaborará para que vaia diante da comitiva. As medidas serán aproximadamente de 1,20 m para o soporte vertical e de 40 × 65 para o rectángulo superior onde deberá constar, con letra clara e o máis lexible posible, o nome da escola. Este formato poderá variar se algunha escola quere facer un estandarte dunhas características especiais, atendendo sempre ás características xerais de claridade e vistosidade.

6.-**Tambores.** Cada escola preparará os tambores que cada nena ou neno portará no día do desfile. Estes poderán estar feitos con calquera material buscando a máxima robustez para evitar roturas (non empregar latas). Deberán estar preparados o día en que se realice o obradoiro de percusión no colexio

7.- **Obradoiros sobre os Instrumentos na Música Tradicional Galega.** Días antes da xornada do desfile, en cada unha das escolas participantes realizarase un obradoiro con persoal enviado pola organización que ensinará os toques básicos da muiñeira e da xota, así como as cancións que se interpretarán no desfile.

8.- **Desprazamento.** O Concello dotará a cada escola de autobuses para o desprazamento ao Casco Vello e o retorno ao centro escolar se así fose necesario.

9.- **Horario.** Os buses recollerán as nenas e nenos nas súas escolas con tempo suficiente para que entre as 10.15 e as 10.30 todas estean nos lugares de saída. O remate previsto do evento será sobre as 13:00, cando se iniciará a viaxe de volta nos autobuses ás respectivas escolas.

10.- **Avituallamento.** As escolas traerán a merenda das nenas e nenos no autobús. A organización disporá nos diferentes puntos de saída do desfile, un transporte que as recollerá e as transportará á Praza do Berbés para ser repartidas alí ao final do desfile. Deben vir nunha caixa pechada e ben sinalizada co nome do colexio. Nese mesmo punto, a organización entregará auga e chocolate para todas e todos os participantes.

11.- **Desfile.** Como norma xeral, as nenas e nenos de cada unha das escolas virán acompañadas polo seu profesorado. Ademais, na comitiva poderán integrarse tamén outras persoas das ANPAS, así como nais ou pais que cada escola considere, coa única condición de que todas elas vaian vestidas de época. Durante o acto interpretaranse as cancións aprendidas nos obradoiros. A continuación, percorreren as rúas do casco vello para rematar na praza do Berbés, onde recibirán as merendas e o chocolate.

12.- **Data e percorrido.** O Desfile terá lugar o luns 23 de marzo de 2026. Cada colexio terá asignado un punto de saída, para confluír todos na Porta do Sol, rematando a xornada na praza do Berbés. O percorrido poderá ser modificado por causas organizativas e/ou de mobilidade.

Toda a coordinación deste evento e todos os realizados pola Asociación Veciñal Casco Vello, están integramente organizados por persoas voluntarias. Agradecemos a vosa comprensión e colaboración.